

2025

Relatos para viaxar

polos concellos
da provincia da Coruña

#HoxeEscriboEn



A CORUÑA PROVINCIA

**93 CONCELLOS
DA PROVINCIA
DAN PARA MOITO
ESCRIBIR**



Deputación
DA CORUÑA



Biblioteca e Turismo
www.dacoruna.gal/biblioteca



"A tardiña de San Xoán"

Francisco Ascón Belver

#HoxeEscriboEn

Fisterra

2025

Aínda non comezara a abrir o día de San Xoán tralas rochas do Monte Pindo e Antonio xa estaba a bordo da “Gures II”, unha pequena lancha “xeiteira” de apenas 30 cuartas de eslora. A vela de relinga, presa aínda, axitábase inqueda por acoller a brisa salgada que acariñaba a costa.

Nestas terras, o mar e a pesca son a vida. Dende ben cativo, o seu avó ensináralle como pescar “ao xeito”. Agora patroneaba a súa propia lancha, mais hoxe non saíra ao mar na procura de sardiñas e xurelos e non agardaba por ningún outro tripulante. Cando todo estivo listo, liberou a vela e con man firme guiou a lancha fora do porto.

Puxo rumbo cara o cabo da Nasa mentres a enorme praia de Langosteira e a enseada de Sardiñeiro corrían por babor. Saudou ás lanchas que saían a faenar coa proa xa mirando as illas Lobeiras. Alí, onde todo sucedera na mañá anterior.

Non puido evitar que as lembranzas viñeran presto ao seu maxín. Volvía de levar caixas de peixe á salga de Quilmas e algo chamou a súa atención na Lobeira grande. Non podería dicir cal foi o anzol pero picouno de cheo e virou para enfiar a illa. Sentada nunha rocha, unha muller cun longo vestido branco espreitaba a costa como se agardara por alguén. Ao principio pensou que toleara e que tiñan razón os mariñeiros novos na adega da Anchoa que, entre risas e cuncas de viño, dicían que chegarlle o tempo de quedar en terra.

Con coidado varou a lancha na pequena praia de Porto de Arriba. Nada máis botar pe a terra, a muller mirou como se achegaba, sen dicir palabra nin dar sinais de alarma. “Que fas aquí?”. Nada respondeu por moito que preguntou. Só ficou mirando para el, con ollar calmo. Cando subiu a bordo, escoitou unha voz doce que dicía: “Volve mañá pola mañá a buscarme”. Nada dixo a ninguén, pero o sono non prendeu nel aquela noite. Se algo tivera contado, só sería obxecto de brincadeiras... non serían máis que contos de vello mariñeiro.

Agora, de regreso na Lobeira, ela continuaba sentada na mesma rocha, coa ollada prendida no cumio do Pindo. Desta volta non agardou por el e subiu a bordo en canto a quilla rozou a area. Sinalou o oeste, dicindo: “Imos, xa é tempo”. Arrodearon as illas e puxeron rumbo á liña do horizonte, onde as terras rematan e un océano inmenso separa e une os continentes. Cando o vento encheu a vela, ela comezou a cantar unha fermosa canción.

Parte do mastro e maila amura de estribor da “Gures II” apareceron dous días despois na praia de Mar de Fora. Nin rastro de Antonio por moito que buscaron. Algunha testemuña dixo que fora visto navegando só, con rumbo oeste, na tardiña do día de San Xoán, que semellaba cantar e sorría mentres a costa ía quedando atrás, tralo seu ronsel. Xa tiña unha idade e sempre andaba con contos de vello mariñeiro.